

NOVAS / INICIATIVAS

CATEGORÍAS RELACIONADAS

2013_Premio Irmandade do Libro 2013, na modalidade de Fomento da Lectura

O xurado da edición XXII dos Premios **Irmandade do Libro** que convoca cada ano a Federación de Libreiros de Galicia, acordou por unanimidade conceder o Premio Irmandade do Libro 2013, modalidade de **Fomento á Lectura** ao proxecto de *Galicia Encantada*. O acto de entrega tivo lugar o sábado, 20 de abril de 2013, na Casa de Cultura de Monforte de Lemos. O recoñecemento foi concedido "en virtude da gran dinamización realizada a nivel social da tradición oral galega, por manter vivo o mundo mítico galego, contando cun amplo apoio bibliográfico, polos contidos continuamente actualizados, por converterse nunha fonte de referencia para os centros de ensino, por divulgar o patrimonio cultural galego, por servir de medio de recolección de diferentes historias, polo rigor e a capacidade de investigación, por ser precursora na sistematización da memoria mítica galega". Desde GE agradecemos este premio que, en xustiza, pertence tamén aos colaboradores que desde distintos ámbitos contribúen a manter vivo este proxecto, e aos lectores que día a día se achegan a esta fiestra virtual co ánimo de coñecer, de saber e de compartir a "alma" dun país e das súas xentes. Con estes azos, seguimos o camiño emprendido cara o noso décimo aniversario, que será, se nada o torce, en marzo de 2015. Mil grazas a todas/os.

_____ No resto de modalidades, os premios desta edición foron foron para: Libro do ano 2012: *A noite branca*, de **Francisco Fernández Naval**. Obra editorial do ano 2012: Colección *Guías da natureza*, de **Baía**

Edicións. Libraría: **Librería Kómic**, de Santiago de Compostela. Centro de Ensino: **CEIP Quintela**, de Moaña (Pontevedra) Autor/autora do ano: **Mª Xosé Queizán**. Premio especial: **Antonio Fernández Maira**.

COMENTARIOS ENVIADOS

Prezado Antonio, a nosa mais cordial felicitación por este merecido premio e o noso ánimo para seguir adiante con este fermoso proxecto.

Apertas!

Merce & Luís

Enviado por Merce & Luís o 30/04/2013 ás 10:16:03

Albízaras!!! O mellor galardón témolo as xentes que lemos e vemos os vosos traballos e actividades publicados nesta tan fermosa carrilleira que nos leva o mundo máxico da Galicia Encantada...
Benvido sexa o premio...¡¡¡Grazas a vostedes!!!
Goliardo Ceibe,desde Barcelona.

Enviado por Goliardo Ceibe o 23/04/2013 ás 21:19:46

Noraboa Antonio :
Un premio moi merecido. Un gran traballo que fai que a nosa cultura non quede no esquecemento. Unha aperta

Enviado por Áurea Penas o 12/05/2013 ás 10:06:38

Norabóa desde a Biblioteca do IES Fernando Esquío polo voso traballo e tan merecido premio.
Un saúdo

Enviado por Begoña López Soto o 21/04/2013 ás 23:40:34

Foi unha delicia ter participado nun xurado que tivo a sorte de ten este proxecto para poder premialo.
Parabéns e grazas por nos poñerdes nas mans tanta fantasía asentada no espírito galego.

Enviado por Helena Villar Janeiro o 22/04/2013 ás 1:16:25